



Dende o 3 de maio, integrantes do Movemento Galego de Saúde Mental reúniáanse **cada tarde na praza de Praterías, en Santiago de Compostela, para dar unha badalada diaria** en representación da **persoa que cada día morre en Galicia por suicidio**. En 2015 o suicidio foi o causante de 321 mortes, por riba da taxa de mortos por accidentes de tráfico.

Aínda que “as causas son múltiples”, este colectivo apunta a que a crise económica incrementou o número de mortes por suicidio, cifra que **acadou en 2013 o seu punto álxido** e que afecta cada vez máis a persoas máis novas deixando **dous perfís de afectados: un grupo en idade produtiva avanzada, de entre 45 e 64 anos, e un grupo de entre 10 e 24 anos** no que se produciu un “aumento significativo moi preocupante”.

Sen embargo, nos últimos anos a cifra comeza a descender, pasando das **390 mortes por suicidio en 2014 ás 321 en 2015**. Por provincias, case a metade dos suicidios prodúcense na **Coruña**.

O **Movemento Galego de Saúde Mental está integrado por máis de 300 profesionais** da saúde mental pública de Galicia, profesionais da Administración de Xustiza, cidadáns que comparten a súa Declaración, organizacións sindicais, organizacións de familiares e usuarios e colexios profesionais.

Be Sociable, Share!



Twitter

Me gusta

G+1 0

Share

+ MORE

Share Pin



vigoalminuto.co...

Me gusta esta página

**Deja una respuesta**